

ALVARELLOS EDITORA PUBLICA A PRIMEIRA ANTOLOXÍA DA OBRA INÉDITA E ESQUECIDA DE LEANDRO CARRÉ



Anxo Tarrío, Henrique Alvarellos e Adela Carré

- Trátase dun volume que inclúe ensaios, contos, pezas teatrais e lendas, e leva por título *Obra inédita e esquecida, 1915-1972*.
- O libro forma parte da “Colección Rescate” de Alvarellos Editora e aporta, xunto cos textos, unha fotobiografía de Carré, e ilustracións, manuscritos e documentos do autor, todos eles, inéditos.
- Leandro Carré Alvarellos, unha das máximas figuras do galeguismo de pre-guerra, permanecía inxustamente esquecido trinta anos despois do seu pasamento.

A Coruña, venres 7 de abril de 2006.- Alvarellos Editora presentou hoxe na Fundación Luís Seoane da Coruña a primeira antoloxía de Leandro Carré Alvarellos (A Coruña 1888-1976). Leva por título *Obra inédita e esquecida, 1915-1972* e forma parte da Colección Rescate desta editorial.

Na rolda de prensa de presentación participaron a filla do autor, Adela Carré Brandariz, o catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa da USC, Anxo Tarrío



Varela; o autor da introdución, escolma e notas a esta edición, Xosé Manuel Maceira Fernández, e o editor, Henrique Alvarellos Casas.

Adela Carré felicitou a Tarrío, Maceira e Alvarellos por esta iniciativa e desexou “que a obra teña a máxima difusión posible, pois o traballo de meu pai merece unha recuperación fonda”, ao tempo que destacou “o rigor co que foi feito o traballo de Xosé Manuel Maceira”.

Maceira, pola súa banda, sinalou que “Carré ten máis de oitenta inéditos de certa entidade e este libro recupera unha parte importante da súa obra”, ao tempo que reclamou que “Galicia recoñeza o traballo dun intelectual que soubo buscar a dimensión social da cultura”

Anxo Tarrío destacou que Carré “era un home que tiña ideas modernas para a literatura. Unha vision de futuro e de progreso para a narrativa e para o teatro. Invitaba a facer novel urbana e tamén dramas urbanos”. Para Tarrío “Leandro Carré precisaba dun recoñecemento, e espero que con este libro principie a saldarse esa débeda”.

Finalmente o editor, **Henrique Alvarellos** incidiu en que “esta *Obra inédita e esquecida* que hoxe presentamos é o primeiro libro de Carré que se edita en Galicia dende a morte do escritor, en febreiro de 1976. E tamén é a primeira antoloxía da súa obra, polo que na editorial estamos especialmente satisfeitos e, ademais, como galegos e editores, era unha obriga facer que este material inédito vise a luz”.

Leandro Carré Alvarellos (A Coruña, 1888-1976) é un dos galeguistas máis esquecidos. Autor dunha obra tan extensa como variada (dramaturgo, ensaísta, novelista), a maior parte da súa produción permanecía inédita.

A antoloxía que hoxe presentamos inclúe por vez primeira íntegro o seu manual de interpretación teatral, ensaios, textos de ficción, contos, pezas teatrais... Rescatamos tamén varias lendas tradicionais na súa primeira versión en galego, xamais publicadas en libro en Galicia.

Fotos nunca vistas, debuxos, manuscritos, documentos... completan este necesario volume dun home que destacou pola súa integridade e o seu activismo constantes na defensa do país.



APUNTES BIOGRÁFICOS



A figura de Leandro Carré supón hoxe en día para a historia, a cultura de Galicia e a supervivencia do galeguismo, unha verdadeira ponte: entre o rexionalismo, os epígonos do Rexurdimento e a forza renovadora dos intelectuais do primeiro terzo do século.

Foi discípulo selecto dos intelectuais da Cova Céltica e da *escola coruñesa*. Cofundador das Irmandades da Fala (1916). Director-propietario da editorial Lar (1924-1928). Dinamizador, creador e director teatral con importante repercusión nos escenarios galegos do primeiro terzo do século XX.

É autor do *Compendio de Gramática Galega* (1919), dunha *Gramática Gallega* (1967) e do *Diccionario Galego-Castelán* (publicado en dous tomos en 1928 e 1931), unha obra que tivo cinco edicións e contiña 29.500 entradas e un “Vocabulario castellano-gallego”.

Foi represaliado polo franquismo: ademais da consabida marxinação estivo na cadea nos peores anos da represión e o seu fillo Leandro Carré Brandariz morreu na fronte de Asturias.

Durante o franquismo, foi colaborador coas publicacións e a intelectualidade da diáspora.

Membro do Seminario de Estudos Galegos, da Real Academia Galega (académico correspondente en 1917 e numerario en 1945) e de varias institucións portuguesas.

Intelectual de importante recoñecemento na diáspora galega, en Portugal e con considerábel prestixio entre a intelectualidade internacional do campo filolóxico, lingüístico ou literario, coma no eido etnográfico.

Exemplo desa consideración exterior, superior á que se ten na sociedade pola que loitou toda a vida, pode ser o caso do coñecido libro de *Las leyendas tradicionales gallegas* un volume que no 2006 leva xa nove edicións e miles de exemplares vendidos, pero que o escritor tivo que editar en Madrid, traducido na Editorial Espasa Calpe (saíu xa póstumo, en 1977), pois no país non atopou quen llo publicara.



FICHA TÉCNICA

Título: OBRA INÉDITA E ESQUECIDA

Subtítulo: TEATRO, CONTOS, ENSAIOS E LENDAS, 1915-1972

Nº páxinas: 280

PVP: 20 €

Medidas: 14x21

ISBN: 84-89323-04-6

Colección: "Rescate"

Encadernación: tapa dura

Introdución, escolma e notas: Xosé Manuel Maceira Fernández

Ilustracións: Galería gráfica de 8 páxinas con fotos, ilustracións e manuscritos inéditos

Idioma: galego

[MÁIS INFORMACIÓN EN WWW.ALVARELLOS.INFO]

